



CASO PRÁCTICO DE DISLEXIA

DATOS DA ALUMNA:

Alba é unha nena de 11 anos escolarizada en 5º de Educación Primaria, xa que repetiu de maneira ordinaria o 2º nivel desta etapa.

O diagnóstico da súa dificultade lectoescritora foi posterior ás medidas adoptadas e a súa promoción cara 2º Ed. Primaria relacionouse cunha inmadurez evolutiva.

No segundo ano no que cursou 2º de Ed. Primaria foi diagnosticada de dislexia.

Actualmente podemos salientar as seguintes características de Alba:

1. **LECTURA.** A súa fluidez lectora mellorou con respecto aos cursos anteriores resultándolle máis sinxelos os textos curtos e claros. Aínda que presenta algunha confusión nas sílabas trabadas, cada vez comete menos erros en omisión e distorsións.
2. **ESCRITURA.** A pesares de ter dificultades na expresión espontánea e no ditado, dáselle ben a copia.
3. **FORTALEZAS.** As competencias de “conciencia e expresións culturais”, a de “aprender a aprender” e a “social e cívica” son o seu punto forte. Ademais o seu pensamento é diverxente e é unha nena con moita creatividade.
4. **TRABALLO NA AULA.** A coordinación do seu titor cos especialistas de AL e PT a través de metodoloxías como o aprendizaxe cooperativo dentro da aula ordinaria permitiu que a nena fose demostrando o dominio dos coñecementos curriculares e mellorando así a súa autoestima.

TRABALLAMOS SOBRE O CASO PRESENTADO:

- Como adaptariades un “exame de editorial” ás características de Alba?
- Expoñede outros instrumentos de avaliación que se poderían empregar coa nena.